

# Landra



Revista Informativa da Unidade de Promoción e Desenvolvemento  
para escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego da provincia de Pontevedra



## SUMARIO

2	EDITORIAL	
4	ESCOLAS ABERTAS	<ul style="list-style-type: none"><li>◆ A Escola Obradoiro "Beiramar II" de Moaña entra na recta final.</li><li>◆ Escola Obradoiro de Valga.</li><li>◆ Obradoiro de Emprego de Tomiño.</li></ul>
9	OBRAQUEDOBRA	<ul style="list-style-type: none"><li>◆ Resiclar é doado.</li><li>◆ A nosa experiencia na Escola Obradoiro de Valga.</li></ul>
11	APUNTAMENTOS	<ul style="list-style-type: none"><li>◆ Escolas obradoiro e identidades.</li><li>◆ O graduado escolar en obradoiros de emprego e escolas obradoiro.</li><li>◆ O peixe e a árbore. A formación e a experiencia, claves para a inserción laboral.</li><li>◆ A creación dunha empresa de inserción.</li><li>◆ Unidades de Promoción e Desenvolvemento. A experiencia de 11 anos na provincia de Pontevedra.</li></ul>
22	ARCO DA NOVA	



Abril de 2001





landra landra landra landra



LANDRA

Revista da Unidade de Promoción e Desenvolvemento para escolas obradoiro, casas de ofido ebradoiros de emprego da provincia de Pontevedra.

Vía da Hispanidade 17  
36203 Vigo

Teléfono: 986 42 33 66  
Fax: 986 47 14 44

e-mail: [ecoupd@teleline.es](mailto:ecoupd@teleline.es)  
[www.maiv.org/upd](http://www.maiv.org/upd)

Colaboran neste número:

*Almudena Barreda Rodríguez*  
*Imelda Barrio Santamaría*  
*Alfredo de La Campa Ferverza*  
*Xosé González Martínez*  
*Xosé M. Malheiro Gutiérrez*  
*Alicia Mallón Otero*  
*Xavier Méndez Martínez*  
*Daniel Paz Antón*  
*Carmen Pérez García*  
*Adela Uriz Corrales*  
*Alumnas/os da Escola Obradoiro*  
*"Porto Piñeiro III" de Valga*

Equipo técnico editorial:

*Jose Manuel Búa Gil*  
*Esperanza Costas Costas*  
*Susana Dávila Barba*  
*Juan Carlos Fernández Enseñat*  
*Elsa Hermida Torres*  
*Carmen López Fernández*  
*Carmen África Marchante Pérez*  
*Ana Isabel de Mena Lagarejos*  
*José Ángel Méndez Pardo*  
*Ana Isabel Pascual Martínez*  
*María José Piñeira Mantinián*  
*Zara Pousa Arbones*

Director:

*Xavier Méndez Martínez*

Edita:  
Mancomunidade da Área  
Intermunicipal de Vigo

Depósito legal: VG-129-2001

## Editorial

¿É este novo século das mulleres?, atopamos este enunciado como afirmación en moitos medios de comunicación. Sen embargo, é preciso reflexionar.

Respecto ó mercado laboral, actualmente están a cambiar moitas cuestións relativas á representación feminina, aínda que estes cambios danse moi de vagar.

Os oficios tradicionais seguen a ser maioritariamente masculinos. Só hai que botar unha ollada ó número de mulleres que están a traballar en sectores como o da construción para afirmar isto sen risco de erro.

Nos ámbitos formativos e especificamente nas escolas obradoiro, onde as especialidades refírense habitualmente á recuperación de oficios tradicionais, a situación respecto á participación feminina non é distinta, tendo as mulleres unha representación minoritaria. Así, a porcentaxe feminina significa aproximadamente tan só un 39% do alumnado participante nas escolas, fronte ó 61% de homes. Xunto ó clarificador que resulta este dato, cómpresinalar, ademais, que non parece casual que a maior parte deste colectivo de mulleres estea agrupado en determinadas especialidades como a xardinería ou a axuda a domicilio.

Se nos centramos na análise das especialidades, poderíamos apreciar como as actividades de axuda a domicilio se corresponden con traballos ou tarefas relacionadas tradicionalmente co rol de xénero feminino que conleva, entre outros aspectos, o coitado dos demais, a capacidade de empatía e de comunicación, etc. Se nos centramos nas actividades de xardinería, voltamos a comprobar como moitas das tarefas a realizar requiren características asociadas tradicionalmente a socialización de xénero feminino, tales como a estética, o detallismo ou a sensibilidade.

Só excepcionalmente se encontran grupos





nos que as mulleres son maioría en especialidades, tradicionalmente adscritas a homes, como a cantería e a albanelería.


Ante a falta de representatividade feminina podémosnos preguntar polas causas que xeneran esta situación, e a partir das mesmas empezar a traballar para lograr unha xusta igualdade entre homes e mulleres. Así, sabemos que inciden negativamente na motivación para o desempeño destas profesións e para a busca dunha saída laboral nestes sectores, distintos factores como a falta de ofertas laborais para mulleres, non aceptadas xeralmente polo empresariado, a necesidade de ter que amosar máis que un home a súa valía no posto de traballo pola condición de xénero, ou a oposición das propias familias e do contorno social cercano a que elas exerzan determinadas profesións.

Outro aspecto destacable da situación das mulleres no programa de escolas obradoiro refírese ó seu funcionamento dentro do grupo mixto, do que podemos destacar algunhas pautas comúns de actuación tales como o medo á participación, as dificultades para expresar as súas opinións ó grupo ou a menor seguridade no desempeño profesional, factores estes que non se observan cando o grupo está só formado por mulleres.

É necesario adoptar unha postura comprometida con esta situación, realizando un labor de reforzo con elas que teña como obxectivo compensar en todo o posible estes aspectos e conscientemente favorecer a súa involucración directa nos proxectos e, indirectamente, a integración ó mercado de traballo.

Cara ó futuro, pódese aproveitar o “tirón” que están a xerar os obradoiros de emprego, nos que a presenza de mulleres está cercana ó 50% dos participantes, e iniciar un traballo rigoroso dende a perspectiva de xénero en todas as intervencións grupais e individuais que se realicen dentro das escolas e obradoiros.

Parece evidente que as accións para un óptimo desenvolvemento desta me-



todoloxía de actuación transversal ós programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego sobre a igualdade de oportunidades, deberían pasar, por unha banda, pola formación das persoas docentes e responsables das escolas, para que poidan aplicar e transmitir con eficacia esta perspectiva en todas e cada unha das súas interaccións coas traballadoras das escolas e, por outra banda, deberíase proceder á sensibilización do empresariado do contorno laboral cercano, traballo este indispensable para unha optimización dos niveis de inserción das mulleres nos oficios tradicionais asignados no pasado ós homes.

Todas estas accións permitirían dar un paso de xigante para que as mulleres dentro do programa de escolas obradoiro logren encontrar todos os factores que faciliten a súa inserción nun emprego por conta allea ou a creación do seu propio posto de traballo na especialidade na que se teñen formado ou no oficio que desexen. Isto require deixar de lado que estas profesións sexan tradicionalmente masculinas e obter resultados positivos que permitan o optimismo e transformen dunha vez este apelativo de xénero nunha representatividade igualitaria nos distintos ámbitos da sociedade.





## Escolas Abertas

# A ESCOLA OBRADOIRO “BEIRAMAR II” DE MOAÑA ENTRA NA RECTA FINAL

*Alfredo de La Campa Fervenza. Director*

*Carmen Pérez García. Titora*

*Escola Obradoiro “Beiramar II” de Moaña*

A Escola Obradoiro “Beiramar II”, integrada no Patronato municipal “Beiramar” do Concello de Moaña, cunha duración de 18 meses, leva funcionando dende decembro de 1999. Trátase dun proxecto de formación e emprego na que se trata de aprender traballando. Deste proxecto beneficianse 50 xoves desempregados da comarca do Morrazo, con idades comprendidas entre os 16 e 25 anos e repartidos en cinco especialidades: albanelería, cantería, carpintería, instalacións (electricidade e fontanería) e xardinería.

A comarca do Morrazo, na que se inscribe o concello de Moaña, é dentro da provincia e de Galicia, unha das que máis fortemente sofre o problema do desemprego, sobre todo en colectivos como a xuventude ou as mulleres, nos que a porcentaxe de persoas que non traballan está próxima ó 40%. Organismos como o Patronato “Beiramar” fanse imprescindibles para facer evolucionar esta situación cara a unha solución non conxuntural ou pasaxeira, senón efectiva e sostida no tempo, con respecto á creación de emprego.

A maioría dos alumnos da escola teñen un perfil que se caracteriza por unha escasa formación académica e a procedencia dun contorno socioeconómico que non facilita a súa autonomía laboral. Moitos deles chegaron ata a escola animados polo exemplo de alumnos de anteriores campañas, que atoparon rapidamente traballo en empresas da zona ou que mesmo chegaron a dar forma ás súas propias iniciativas.

Para acadar os obxectivos da escola cóntase cun equipo profesional de seis monitores-docentes das diferentes especialidades,

un monitor de reforzo na especialidade de albanelería e dúas monitoras complementarias para clases de debuxo e interpretación de planos e para xestión empresarial e prevención de riscos laborais. O director e a titora fechan o colectivo profesional de escola “Beiramar II”.



O obxectivo da escola non só é que os xoves aquí formados aprendan unha profesión, senón tamén que adquiran habilidades sociais e a madurez persoal e profesional necesaria para que o remate da escola poidan incorporarse ó mercado laboral, ben sexa como traballadores por conta allea ou coa creación das súas propias iniciativas empresariais. Por isto, dende a escola estanse a organizar ciclicamente charlas formativas sobre os máis diversos temas: educación para a paz e a convivencia, educación vial, asociacionismo, prevención de drogodependencias e enfermidades de transmisión sexual, iniciativas de emprego, axudas a emprendedores, asertividade no traballo, etc. Co mesmo obxectivo realízanse visitas como complemento formativo para os alumnos dos diferentes módulos: empresas de carpintería, xardinería e ferretería, obradoiros de carpintería e cerámica, invemadoiros, visitas á Escola de Canteriros de Poio, feiras sectoriais, museos e exposicións temá-





ticas, etc.

Os alumnos da actual escola reciben unha completa formación a todos os niveis, distribuída ó longo de tres fases de seis meses cada unha. Na primeira fase os alumnos reciben unha formación teórico-práctica e, para acceder á segunda e terceira fase, teñen que demostrar a adquisición dos coñecementos impartidos, así como ter unha avaliación positiva en aspectos como as actitudes e conductas, o interese, o cumprimento das normas de seguridade e hixiene, etc. Unha vez rematada a primeira fase, os alumnos pasan a ter un contrato de traballo e perciben un salario, alternando na xornada laboral a formación teórico-práctica coa execución das obras previstas no proxecto.

As obras que se desenvolven na segunda e terceira fases buscan un dobre obxectivo: por un lado, servir de campo de prácticas ós alumnos da escola e, por outro lado, dotar ó municipio de novas infraestruturas que beneficiarán á comunidade moañesa: a ampliación e rehabilitación da Casa de Cultura de Berducedo e o acondicionamento do contorno de Samertolameu, na parroquia de Meira.

Na primeira destas obras, os traballos consistiron na ampliación do edificio mediante un aproveitamento baixo cuberta e a ampliación en planta baixa, así como na rehabilitación integral da edificación primitiva. No contorno de Samertolameu de Meira, pola súa

banda, estase a realizar unha recuperación integral da zona, que inclúe o enlousado do sendeiro que percorre a área, a colocación dunha caseta e banquiños de madeira no campo de fútbol anexo, a montaxe do rego por aspersión e do mobiliario urbano

(farolas, bancos e papeleiras) e o desbroce e sega da pradeira primitiva. Así mesmo, sementouse céspede para a formación da nova pradeira e realizouse a plantación de diversas especies de árbores e arbustos. Todo isto sobre unha extensión de 14.000 m<sup>2</sup> nos que houbo que realizar un labor previo de movemento de terras e nivelación.

En ámbolos dous casos, o mal tempo dos últimos catro meses provocou un inesperado e inevitable retraso no desenvolvemento das obras, aínda que en principio non debería haber problemas para rematar os proxectos antes da finalización dos actuais módulos, que se producirá en xuño deste ano.

Para desenvolver o noso traballo, a Escola Obradoiro “Beiramar II” veu mantendo, ó longo deste tempo, permanentes contactos con múltiples organismos e institucións, entre eles a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, entidade que cofinancia o proxecto, asociacións de veciños, centros de educación de adultos de Cangas e Moaña, Equipo de saúde mental de Cangas, Centro de saúde de Moaña, Centro municipal de benestar social de Cangas, centros socioculturais,

orientadores de colexios e institutos de Moaña, etc.





## ESCOLA OBRADOIRO DE VALGA

*Alicia Mallón Otero*

*Directora da Escola Obradoiro "Porto Piñeiro III" de Valga*

A Escola Obradoiro "Porto Piñeiro III" do concello de Valga ten o seu comezo en decembro de 1999. O seu obxectivo é ofrecer ó alumnado unha formación laboral co fin de conseguir a inserción total no mundo do traballo, adquirindo un nivel de competencias que os cualifique para buscar o seu propio posto de traballo, ó tempo que adquiren hábitos e aptitudes para o traballo en equipo.

A escola acolle as especialidades formativas de albanería, cantería, carpintería e xardinería, cadansúa con 15 alumnos e alumnas-traballadoras.

O proxecto que se está a levar a cabo céntrase sobre todo no Monte Beiro, na parroquia de Cordeiro, na que o Concello pretende crear unha área de lecer, con actividades deportivas, que se vencelle co miradoiro de Beiro.

Este proxecto desenvólvese sobre unha superficie forestal de 3.000 m<sup>2</sup> e nel se contempla o acondicionamento de paseos e sendeiros, utilizados para o tránsito de persoas nesta zona, o que se combinará coa preservación da paixase natural. Situaranse, entre outros elementos, valados e outras pezas construídas en madeira para a realización de exercicios físicos, ademais de bancos, paneis informativos, muretas baixas de mampostería e sinalizacións de circuitos e actividades. Estase a realizar igualmente un traballo de plantación de especies vexetais e acondicionamento de zonas de céspede, ubicándose fontes, papeleiras

e outros elementos do mobiliario público. O proxecto establece tamén o acondicionamento dunha cantina e a construción duns vestiarios e aseos, así como bancadas de pedra, como complemento das pistas deportivas.

Dende a escola estanse a promover actividades diversas que favorecen a formación e a colaboración entre os alumnos e alumnas do centro. Ó longo do ano pasado o alumnado, xunto cos monitores, a directora, a titora e demais persoal da escola, realizaron diversas visitas co fin de completar a súa formación e ver in situ o traballo que realizan distintos profesionais. Así, pódense destacar as saídas realizadas ó polígono industrial de Ribadumia, o Centro comarcal do Salnés, a Feira da Construción de Cotogrande, a fábrica de FINSA en Padrón e a Semana Verde de Silleda.

Nesta liña, os propios alumnos de cantería percorreron as distintas parroquias do municipio co fin de coñecer o patrimonio existente en pedra e as canteras e actividades de cantería existentes nas proximidades, mentres que os de carpintería mantiveron reunións coas comunidades de montes co

fin de coñecer a fondo as características e problemas relacionados co sector forestal e as terras de monte.

Por outra banda, e afondando nun sentido

máis amplo do papel que pode e debe ter unha escola na sociedade e na propia localidade na que se desenvolve, podemos facer mención a nosa colaboración en cam-





landra

Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Escolas Abertas

pañas medioambientais, inventariados de patrimonio cultural e actividades de sensibilización social, como pode ser a colaboración na celebración do día da muller traballadora, o 8 de marzo, cunha conferencia na que varias mulleres de Valga que romperon co rol tradicional do seu xénero expuxeron as súas experiencias.

Xa para rematar, cómpre sinalar que todo o equipo escolar está actualmente implicado na realización da revista "Saber Facer", na que se recollen colaboracións que introducen ó lector no coñecemento do concello de Valga, así como das actividades formativas e culturais que se levan a cabo dende a escola obradoiro.

## ***OBRA DOIRO DE EMPREGO DE TOMIÑO***

*Daniel Paz Antón*

*Director do Obradoiro de Emprego de Tomiño*

O 28 de decembro de 2000 pónse en marcha en Goián, promovido polo Concello de Tomiño, o Obradoiro de Emprego "Tomiño", cunha perspectiva de duración dun ano e con tres módulos de 12 traballadores cadanseu: albanería, fontanería-electricidade e xardinería.

Anteriormente, o Concello de Tomiño xa promovera a Escola Obradoiro "Tomiño", o que representou para este novo proxecto de obradoiro de emprego a vantaxe de poder contar cunha entidade promotora xa coñecedora do programa de escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego, e tamén contar dende un principio cunhas instalacións axeitadas.

Esta circunstancia, que poidera parecer banal, é sen embargo dunha importancia case que primordial para o desenvolvemento dun proxecto destas características. Aínda que é certo que hai algunhas entidades promotoras protagonistas de varios proxectos, por tanto con experiencia de abondo no programa, que seguen a ser un auténtico desastre como tales, non deixan de ser a excepción que confirma a regra de que aquela entidade que sabe interpretar o seu papel como promotora dun programa de formación-emprego, apoiando na súa parte o que o proxecto lle demande, aporta un factor determinante e dunha gran garantía para o bo desenvolvemento deste. Por suposto que non é a garantía total, xa



que outra boa parte lle corresponde ó equipo directivo e ós expertos docentes, protagonistas moi importantes tamén no bó ou mal funcionamento do proxecto.

E xa que mencionei ó equipo directivo e ós expertos-docentes, no Obradoiro de Emprego de Tomiño, ademais do director, cóntase cunha titora, unha experta-docente en formación empresarial e inserción laboral, expertos docentes en albanería, fontanería-electricidade e xardinería e, por último, unha administrativa. Lamentablemente, ó ser este un proxecto con "poucos" traballadores e, ó estar ligada a súa financiación co número destes, a dis-





poñibilidade presupostaria non deu para máis.

O resto do Obradoiro de Emprego “Tomiño” constitúeno os 36 traballadores e traballadoras integrados nos tres módulos xa mentados; todos eles maiores de vinte-cinco anos, particularidade que singulariza ós integrantes dos obradoiros de emprego. Ademais é destacable a composición por sexo destas 36 persoas, xa que, 28 son mulleres e só 8 son homes. Isto é lóxico se pensamos que unha boa parte do paro rexistrado está constituído por mulleres.

O obxectivo fundamental a conseguir polo Obradoiro de Emprego de Tomiño é o de dar a necesaria formación a tódolos traballadores e traballadoras nos oficios que respectivamente están a aprender, para que poidan acadar sen dificultades a súa inserción no mundo laboral ó remate deste proxecto.

Esta formación pretendémola infundir aplicando a metodoloxía propia do programa de escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego: aprender traballando ou traballar aprendendo, que tan bos resultados está dando.

Aplicando este traballo con connotacións claramente formativas, a entidade promotora, o Concello de Tomiño, verase tamén favorecida, porque ó final deste proceso quedarán unhas obras feitas para beneficio de toda a colectividade do municipio.

Entre as intervencións nas que xa estamos inmersos, podemos destacar a rehabilitación da Antiga Casa de Artes Aplicadas de Goián como centro de formación permanente, ocupacional e non ocupacional, a rehabilitación dunha antiga vivenda de mestres do colexio do Seixo, en Tomiño, para convertila en escola infantil de nenos de ata tres anos, a rehabilitación doutra antiga vivenda de mestres no mesmo colexio para a ampliación do Centro Rural Integrado de Tomiño, o axardinamento do contorno de Regatiño en Goián e o mantemento de tódalas zonas verdes desta parroquia e, por último, a reconstrución dunha parte do muro de peche do campo de fútbol municipal do Alivio, en Tomiño, deruido pobs últimos temporais de vento.







# Obraquedobra

## **RECICLAR É DOADO**

### ***Preciclaxe e reciclaxe para defender a Terra***

*Almudena Barreda Rodríguez*

*Alumna-traballadora da Escola Obradoiro "Vila das Neves"*

A reciclaxe e a preciclaxe ¡Vaiteis, vaiteis co palabro!, ¿non?.

Moita xente non sabe o seu significado, pero sempre é bo deitarse sabendo algo novo.

A preciclaxe refírese a non mercar cousas que non poidan voltar a utilizarse, como ocorre cos envoltorios de plástico. A reciclaxe significa voltar a utilizar os materiais, para construír novos obxectos, no canto de tiralos.

Semella que isto vai obrigar a moita xente a mudar os seus costumes. ¿Cómo?, moi sinxelo, seguindo por exemplo estes "conselliños":

Para secar as mans na cociña, usa un trapo no canto do papel de cociña. Reserva este para o máis sucio, como o aceite derramado. Os mocos limpanse igual de ben con panos de tea que despois se poden lavar. Así aforrarás papel que está feito de árbores.

Seguramente a moitos animais non lles gustaría que se levasen "a súa casa" para facer papel, ¡e menos se é para sonarse os mocos!.

¡Aforrade papel! .....serán menos árbores cortadas.

Seguramente no teu pobo ou cidade hai contedores de recollida selectiva (plásticos, papel, vidro, etc.). Non te levaría máis de quince minutos á semana lavar as botellas e levalas a un contedor de vidro. Tamén algunhas tendas aceptan as botellas usadas e incluso en determinados sitios pagan

unha pequena cantidade de diñeiro pobs cascos vellos.

O papel de aluminio lavado e estirado pódese volver a usar un par de veces máis. As pilas, os briks, as botellas de plástico, o papel, o vidro, o cartón e unha morea de cousas máis se poden reciclar. Así que se queres un mundo máis limpo, mellor e bonito non o dubides. Cantas máis cousas poidas preciclar e reciclar menos danas a Terra.

Xa podedes empezar a reciclar e preciclar.





## A NOSA EXPERIENCIA NA ESCOLA OBRADOIRO DE VALGA

*Alumnas e alumnos-traballadores da Escola Obradoiro "Porto Piñeiro III" de Valga*

A Escola Obradoiro é unha oportunidade que se nos brinda para introducirmos no mundo laboral, oportunidade que vai dirixida a tódolos mozos e mozas posto que calquera ten dereito a aprender e traballar sen que haxa ningún tipo de discriminación.

Neste tempo recibimos unha formación teórico-práctica nun oficio e un soldo que nos permite obter certa independencia. Sen embargo, as clases teóricas impartidas non só se basean nun tema específico relativo ó oficio, senón que tamén se nos da a oportunidade de obter o Graduado Escolar a aquelas persoas que non podemos sacalo anteriormente. Cómpre facer referencia tamén ás clases complementarias, que son interesantes e educativas, como por exemplo o cálculo, debuxo técnico, etc.



Cremos que a escola é unha boa opción para formarse e aprender a relacionarse cos compañeiros e compañeiras, posto que compartes con eles moitas horas. En total somos sesenta alumnos/as con distintos xeitos de pensar, o que nun principio provocou que a convivencia fora un pouco difícil e que houbera problemas, mais agora que xa estamos na terceira fase, decatámonos de que para chegar ata aquí e para que a convivencia diaria resultase máis doada, tivemos todos que ser un pouco máis tolerantes. Este aspecto, aínda que poida pasar desapercibido, é moi impor-

tante, xa que en calquera oficio temos que ter presente que nos imos atopar con todo tipo de persoas.

Unha vez que remate a escola, e coa obtención do título que acredite a nosa formación, teremos a ocasión de insertarnos no oficio no que nos formamos, sobre todo aqueles e aquelas que atoparon nel a súa vocación. Pola contra, para as persoas que non teñan a intención de seguir coa profesión, só lles queda agardar a que rematen os cursos e buscar o seu futuro laboral noutros ámbitos.

En xeral, podemos dicir que a moitos de nós nos gustaría seguir adicándonos a actividades relacionadas co oficio que na escola estamos a aprender,

mais quizáis sería interesante ampliar a nosa formación noutros ámbitos, estén ou non directamente relacionados co noso traballo.





## Apuntamentos

# ESCOLAS OBRADOIRO E IDENTIDADES

*Xosé González Martínez*

Cando en 1978 os seus promotores redactaron a Memoria para a creación da Escola de Canteiros de Poio, tiveron a ocorrencia literaria de incluír un pequeno texto escrito no latín dos canteiros, ou verbo dos arginas, que tamén se lle pode chamar así á xerga. Decía aquel breve texto: “Os humanos de Avedra, arginas xulicantes, apatulados, arpados no murio feito chirimboleira, xidos samasuas, de verbo, como arria”. Que dito no noso romance é: “As xentes de Pontevedra, canteiros silandeiros, sentados, ricos no seu traballo feito música, bos compañeiros de palabra, como a pedra”. Este recurso lingüístico acáelle ben á solicitude porque vén demostra-lo respecto que os autores do proxecto teñen por unha tradición artesanal en Galicia, capaz de crealo seu propio código de comunicación.

A aprendizaxe dun oficio leva parello o coñecemento das súas vicisitudes ó longo dos tempos, así como o seu xenio creador que, neste caso, manifestouse na creación dunha xerga, comparable a outras con forte implantación noutros sectores productivos do País. Velaí están os traballos que o demostran. Fermín Bouza Brey, ó estudar a artesanía da cestería, recolleu a fala gremial daqueles artesáns de Mondariz. Bencho-Shey, salvou do esquecemento o barallete, xerga dos afiadores que tiñan como centro do mundo a Nogueira de Ramuín. Práxistele González Martínez, nun traballo monográfico de recente aparición recopilou a linguaxe dos cabaqueiros das terras de Tomiño.

Os oficios levan, como dicimos, adherida ás súas técnicas unha cultura de seu. Don Antonio Fraiz, o famoso crego de Campañón, editou un fermoso dicionario de “Canteiros e artistas da Terra de Montes e

Ribeiras do Lérez”, obra rigorosa na que aparecen recuperados para a historia de Galicia centos de canteiros que co seu bo facer levantaron construcións populares e moita da nosa arquitectura tradicional galega. Esa cultura inherente a un oficio debullouno tamén no libro “A casa”, Xoaquín Lourenzo, “Xocas”, para maior gloria dos nosos canteiros, artifices da casa rural galega.

Outros autores, como Eliseo Alonso, dedicáronse ó estudio da pesca no río Miño, recuperando unha tradición a piques de se perder. A construción das embarcacións típicas da zona coas respectivas denominacións e mesmo a xerga dos pescos de río quedaron inmortalizadas para sempre, cando parecía que se ía perder esa cultura do río. O mesmo fixeron don Antonio Fraguas e Clodio González, etnógrafos ámbolos dous, co seu “refraneiro do mar”.

A tradición e modernidade non teñen porque estaren rifadas. Non son excluíntes. Son complementarias. Un exemplo disto témolo no eido da cerámica. Estámonos a referir a Sargadelos. Luis Seoane e Isaac Díaz Pardo, dous ilustrados, conciliaron o pasado, presente e futuro dunha industria que ten ben chantadas as súas raíces nas orixes da tradición ceramista. Os traballos de investigación e a creación dun laboratorio de formas deron pé a unha industria próspera e prestixiosa que ten, como dicimos, á innovación tecnolóxica e a proxección universal dos seus produtos como dous dos obxectivos prioritarios sobre os que descansa unha industria creada por un ilustrado do século XVIII, na mariña luguesa. A tradición e a modernidade no seu deseño refrendan unha imaxe identitaria propia e senlleira.





¿Que son os oficios nas tradicións senón unha sucesión de coñecementos amoreados pobs artesáns que os practicaron ó longo de moitos séculos? ¿Ata que punto se poden ensinar oficios nas Escolas-Obradoiro desvincellándoas da tradición? ¿Ou é que acaso non atoparon no pasado paleolítico os nosos mellores deseñadores a fonte de inspiración para singularizaren os seus produtos de hoxe?. Isto foi posible co estudio rigoroso do pasado. ¿Podemos imaxina-lo triunfo de modistos como Adolfo Domínguez sen a aplicación do liño á confección da roupa?. Outro tanto poderíamos dicir dos deseños dos nosos ourives de avangarda que se inspiraron en formas deseñadas hai milleiros de anos, para fabricaren xoias de cobizada beleza.

A desfeita da nosa tradición cultural ten sido unha eiva para o relanzamento das novas formas de produción. O artellamento industrial de Galicia fíxose sobre o desprezo pola nosa tradición cultural. Vexase senón como caso ilustrativo a desaparición dos constructores de gaitas, cando o País sufría o andazo do autoodio polo propio e a admiración desmedida polo alleo. Tiveron que pasar moitos anos para que recuperasemo-lo orgullo polo noso instrumento musical por excelencia e arredor del agro-

mase unha significativa industria artesanal: reconstruccións de instrumentos medievais, confección das roupas tradicionais das distintas bisbarras galegas, negadas noutrora polo empobrecedor “uniforme folclórico” que a Sección Femenina do réxime franquista lles impuxera ós nosos coros e danzas.

As Escolas-Obradoiro poden conxuga-la aprendizaxe dun oficio ou arte co cultivo da tradicional cultura da bisbarra. Velaí están os esforzos de moitas delas pola creación de espazos culturais e económicos arredor das festas de recreación histórica en Catoira ou Ribadavia, por poñermos dous exemplos. As Escolas-Obradoiro deben se-lo xerme de novas xeracións de profesionais que, en cadanseu ámbito, deben pensar no seu futuro, sen esquecer-lo seu pasado. O orgullo da nosa cultura fará máis vizosa a creatividade que nos fará máis capaces para entrarmos nos mercados, cada vez máis competitivos. Filosofía que deberá ter sempre unha música de fondo: o uso da lingua galega en tódalas actividades.





# ***O GRADUADO ESCOLAR EN OBRADOIROS DE EMPREGO E ESCOLAS OBRADOIRO***

*Adela Uríz Corrales*

*Profesora de Graduado Escolar. Obradoiro de Emprego Bidueiro (Vigo)*

A calquera de nós sorprenderíanos coñecer a gran cantidade de persoas adultas que hai na nosa sociedade que todavía non posúen o título de Graduado Escolar.

A pesares do elevado grao de desenvolvemento acadado pola sociedade española nos últimos anos, aínda existe un “lado escuro” no que podemos atopar unha grande variedade de casos de analfabetismo, pobreza, marxinação, paro, etc. Por desgracia, as familias afectadas por situacións deste tipo son moitas máis do que podería parecer inicialmente. Por suposto é tarefa das administracións e dos axentes sociais en xeral, paliar esta situación e, para iso, deben arbitrar axudas e programas destinados a tal efecto.

Dentro destas actuacións atópanse as Escolas Obradoiro e os Obradoiros de Emprego, dirixidos a bgrar a integración social de persoas con problemas tan graves coma o paro de longa duración, colectivos de difícil acceso ó traballo (ben por baixa cualificación ou ben por discriminación sexual), xoves sen ningún tipo de cualificación, etc. O seu obxectivo é formar o alumno para algunhas profesións que teñen unha elevada demanda de emprego como albanelería, fontanería, carpintería, xardinería, etc., de xeito que estean capacitados para incorporarse con éxito ó mercado laboral. Por suposto, calquera traballador necesitará, para o correcto desenvolvemento do seu traballo, uns coñecementos complementarios á súa profesión, e unha das formas de obtelos é o Graduado Escolar.

O obxectivo fundamental desta formación é facilitar que os participantes nestas iniciativas de emprego-formación, poidan aca-

dar un desenvolvemento persoal e profesional que, por distintas razóns, non conseguiron no seu día. Polo tanto non só contribúe a mellorar a súa cualificación profesional, senon tamén o contexto educativo no que poidan desenvolver a súa capacidade de participación social, política e económica.

Estas clases son un complemento á formación teórico-práctica que se imparte para a capacitación laboral, e non posuír este título, o Graduado Escolar, é un dos requisitos fundamentais utilizados polas oficinas de emprego e o Servicio Galego de Cobcación para a selección do alumnado destas escolas.

O perfil do alumnado destes proxectos varía en función da banda de idade de cada un deles. En Escolas Obradoiro os alumnos teñen entre 16 e 25 anos, polo que o recordo da súa anterior experiencia educativa non está demasiado lonxano. Nos Obradoiros de Emprego, os alumnos son maiores de 25 anos, nalgúns casos proceden de sistemas educativos anteriores e, polo tanto, o seu recordo educativo é moito máis limitado.

En calquera caso, o reforzo nas destrezas instrumentais básicas, como a lecto-escritura e as matemáticas, resulta moi favorecedor para o axeitado desempeño do seu traballo no obradoiro, xa que, na maioría dos casos, entran en xogo coñecementos matemáticos e lingüísticos esquecidos hai moito tempo e que sería pouco viable traballalos nas horas teóricas de obradoiro.

O Graduado Escolar non pode, desde este punto de vista, entenderse como algo des-





contextualizado, senon que debe incluírse no programa formativo das escolas intentando, na medida do posible, reforzar aqueles coñecementos fundamentais para o seu progreso profesional e para o correcto desenvolvemento da motivación interna de cada alumno.

Para que todo isto se produza, non abonda con incluílo nos proxectos tal e como se formulan hoxe en día; habería que outorgar máis peso específico a esta formación dentro das escolas e obradoiros, de forma estruturada e organizada, cun horario que permita desenvolver debidamente os obxectivos educativos, con programas adaptados ós ritmos da aprendizaxe destes alumnos e con contidos que se axusten máis ás súas necesidades e intereses.

Este tipo de formación non persegue unicamente a obtención dun título académico, senon que tamén é un instrumento que axuda ós individuos a aumentar a súa valoración persoal, a comprender mellor o mundo que lles rodea, a optar a outras op-

cións educativas e laborais, a ser máis tolerantes cos demais e un longo etcétera que non sería posible de non existir esta formación complementaria.

O traballo con adultos non é tanto presentar os contidos un tras doutro, como promover que teñan os instrumentos necesarios para desenvolverse de xeito autónomo dentro do sistema educativo formal e non formal. A autonomía persoal non se acadá soamente coñecendo un oficio, senón a través dunha formación integral que lle permita acceder ó amplo abano de posibilidades que a sociedade lles ofrece.



## O PEIXE E A ÁRBORE

### *A formación e a experiencia, claves para a inserción laboral*

*Xosé M. Malheiro Gutiérrez*

*Director da Escola Obradoiro "Restauración IV" de Tui*

O Programa de Escolas Obradoiro, Casas de Oficio e Obradoiros de Emprego representa un dos instrumentos máis útiles cos que conta a Administración para inserir no mundo laboral a dous dos colectivos máis desprotexidos: os mozos e mozas, sen a penas cualificación, que optan ó seu primeiro emprego e os parados de longa duración que precisan dunha reciclaxe para volver a reinsertarse profesionalmente.

Neste senso, xa desde a súa creación en 1985 ata a actualidade, mediante as oportunas revisións normativas, as escolas obradoiro e casas de oficios, e máis recentemente os obradoiros de emprego, imparten formación e facilitan oportunidades de

inserción a quen máis o necesita. É, polo tanto, un programa solidario de claro contido social.

Gracias ás actividades que desenvolven os seus participantes, promóvese a restauración do patrimonio natural, cultural e monumental. Escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego colaboran, segundo o contido e obxectivos dos seus diferentes proxectos, na recuperación de áreas naturais degradadas, crean espazos de esparcemento humanizando as nosas vilas e cidades, ou restauran, rehabilitan e conservan pezas do patrimonio arquitectónico público favorecendo a súa revalorización cultural. Unha axuda difícil de levarse





## Apuntamentos

a cabo doutro modo, como tan ben saben as entidades locais.

Organízanse mediante un esquema onde a formación e a inserción representan o fin principal e a súa razón de ser. A realización de obras pasa a un segundo plano, sendo só o pretexto para que os seus alumnos e alumnas adquiren a cualificación necesaria e poidan presentarse no mercado de traballo coa experiencia esixida. Todos sabemos que, na meirande parte dos casos, as oportunidades de traballo redúcense pola falta de experiencia, e esta non se adquire doutra forma que non sexa traballando. Un peixe que nunca deixa de morderse a cola.

Ademais, os seus promotores, case sempre administracións locais, son tamén inmediatos beneficiarios. Xa non só polos recursos recibidos ó abeiro do programa, senón, e sobre todo, pola rendibilidade que para os seus cidadáns representa esta opción formativa en termos da recuperación do tecido social. De xeito directo, polos inmediatos beneficios para os seus participantes, e indirecto para o resto da comunidade. Pensemos que moitas veces, alumnos que ó inicio do proxecto transitan na fronteira da marxinalidade e a delincuencia conseguen rematar como operarios nalgunha empresa do seu ámbito. O obxectivo é certamente cobizoso, pero ben encauzado ten amosado resultados espectaculares, tanto no plano humano como material, como se comproba ó longo da súa dilatada traxectoria.

E se a administración autonómica destina importantes recursos públicos para que se poida desenvolver o programa, as entidades promotoras deben actuar, en contrapartida, con sensibilidade e responsabilidade á hora de realizar os proxectos e de executalos.

En primeiro lugar, porque como xa se apuntou, o obxectivo do programa é a formación e a inserción laboral, non a execución dunha determinada obra. O pretexto, é dicir, a realización de obras, non debe pasar a ser o principal obxectivo, e o obxectivo, a formación e a inserción, non debe relegarse a un segundo plano: a árbore,

como pasa tantas veces, non nos debe impedir ver o bosque.

En segundo lugar, porque moitas das actuacións das escolas obradoiro inciden directamente na conservación do patrimonio histórico-artístico. E cómpre que estas sexan rigorosas; que se conciban con criterios de racionalidade, que estean sometidas ós controis e requerimentos legais pertinentes.

Porque a paisaxe, natural ou urbana, é unha fonte de riqueza e un valor cada vez máis en alza (só hai que viaxar por Europa para comprobalo), e é deber de todos preservala, conservala e, no posible, melloralas. Tamén dos concellos, a través dun instrumento tan útil como o Programa de Escolas Obradoiro, Casas de Oficios e Obradoiros de Emprego.





# A CREACIÓN DUNHA EMPRESA DE INSERCIÓN

*Imelda Barrio Santamaría  
Coordinadora do proxecto SÍSIFO. Concello de Vigo.*

A Concellería de desenvolvemento local e emprego do Concello de Vigo desenvolveu durante os anos 1998, 1999 e 2000 o Proxecto SÍSIFO, no marco da iniciativa comunitaria Emprego-Youthstart, que ten como un dos seus principais obxectivos a inserción no mercado laboral dos rapaces e rapazas, especialmente dos/as que carecen de cualificacións básicas ou de formación.

Tódolos/as 814 beneficiarios/as deste proxecto mantiveron unha entrevista ocupacional na que se detectaron as posibles lagoas que puideran ter, a partir da que se lles orientaba cara a dúas posibles alternativas: a alternativa denominada "A" dirixíase ós rapaces e rapazas sen graves problemas ocupacionais e a alternativa "B" destínabase á mocidade con problemas ocupacionais importantes, con diversas problemáticas sociais e que se atopaban en situación de risco de exclusión (fracaso escolar, familias en situación de inestabilidade, desestructuración familiar, problemas xudiciais, economía precaria, pertenza a unha minoría étnica, falta de madurez, problemas de conducta, problemas de aprendizaxe, reaccións descompensadas, etc.).

A especial dificultade para o traballo cos/as beneficiarios/as desta última alternativa determinou a sinatura dun convenio cunha asociación non gobernamental con experiencia na inserción sociolaboral deste colectivo, a Asociación MAIN, que enfocou o seu labor como unha unificación das accións sociais, formativas e de tempo libre que permitiran unha intervención global educativa.

A finalidade última dos recursos postos a disposición dos/as beneficiarios/as da alternativa "B" foi a creación dunha empresa social de inserción, no sector da restauración, que permitira continuar o traballo educativo con este colectivo, tras finalizar dous módulos formativos (rehabilitación de interiores e restauración-cociña). O lugar idóneo para o desenvolvemento da formación e posterior creación da empresa foi un antigo restaurante do casco vello vigués onde unha parte dos/as alumnos/as puideran aprender o oficio de rehabilitación de interiores, mentres que a outra parte era formada en competencias da restauración.

A formación específica nestas especialidades foi apoiada por outro tipo de formación complementaria, para intentar paliar a problemática característica deste colectivo: módulos de formación básica (traballo individualizado segundo necesidades e défits de aprendizaxe), formación laboral (procurando un progresivo achegamento ó mundo do traballo) e formación complementaria (para o desenvolvemento persoal e integral).

Calquera proceso educativo é lento e, mediante a creación da empresa social de inserción, tras a finalización das accións formativas, pretendeuse dar continuidade ó mesmo, xa que durante un determinado tempo os/as

novos/as traballadores/as terán o apoio directo dunha educadora que facilitará a progresiva integración sociolaboral destes/as para que, chegado o momento, poidan acceder, con iguais oportunidades, ó mercado laboral normativizado.







Por último, cómpre subliñar que o feito de unir o proceso formativo a un proceso educativo non só permite traballar actitudes e aptitudes de cada mozo/a, a nivel individual, senón que tamén permite

o traballo co grupo, onde se poden traballar os aspectos de socialización como elementos de integración e igualdade.

## **UNIDADES DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO**

### ***A experiencia de 11 anos na provincia de Pontevedra***

***Xavier Méndez Martínez***  
***Director da Unidade de Promoción e Desenvolvemento***  
***da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo***

Dende que en 1990 foron creados no Estado español os primeiros Módulos de Promoción e Desenvolvemento e se constituíu en Galicia o Módulo de Promoción e Desenvolvemento do Baixo Miño, do cal formei parte, teñen xa transcurrido once anos, período de tempo considerable tras o que resulta posible facer historia e tirar certas conclusións sobre os resultados destas unidades e as súas potencialidades de futuro.

As Unidades de Promoción e Desenvolvemento, inicialmente denominadas Módulos de Promoción e Desenvolvemento, nacen dentro do Programa de Escolas Obradoiro e Casas de Oficios como equipos interdisciplinares destinados á realización de programas de desenvolvemento sostible sobre áreas territoriais concretas, de escala xeralmente comarcal.

A súa orixe está estreitamente relacionada co papel desenvolvido pola Fundación para a Ecología y la Protección del Medio Ambiente (FEPMA), entidade constituída en 1978, con sede en Madrid, e que ten adicado considerables esforzos dende a súa creación á atención de programas integrados de codesenvolvemento sobre de-

terminadas comarcas, así como á coordinación e apoio de iniciativas e proxectos que perseguen este mesmo fin.

En 1985 FEPMA convírtese na entidade promotora do Programa de Escolas Obradoiro e Casas de Oficios a través da "Escola Cero", creada para colaborar no desenvolvemento, coordinación e seguemento deste programa que se marcaba como fins primordiais a revalorización do patrimonio natural e cultural como fonte de emprego, así como a formación de xoves desempregados en diversas profesións. Este programa foi asumido e patrocinado polo Ministerio de Traballo e o Fondo Social Europeo, abríndose así un amplo período no que se teñen posto en marcha centos de escolas en todo o Estado.

O programa detectou pronto a carencia de análises pormenorizadas dos recursos das áreas xeográficas nas que actuaban as escolas e casas de oficios, o que en moitos casos imposibilitaba a formulación de posibles estratexias de desenvolvemento local. Créanse con este fin os Módubs de Pro-





moción e Desenvolvemento (MPD) en 1990, a xeito de experiencia piloto, tratando de demostrar que é posible levar a cabo políticas de desenvolvemento comarcal e formular estratexias propias relacionadas cos recursos locais.

Así, entre os obxectivos xerais que se marcaban os MPD no seu comezo estaban, por unha banda, as accións de promoción dos recursos locais e o desenvolvemento dos territorios nos que se implantan e, por outra banda, o apoio ás necesidades do programa de escolas obradoiros e outras iniciativas similares existentes nestas áreas.

O afondamento no coñecemento dos recursos das áreas nas que os MPD interviñan establecíase mediante a elaboración de inventarios de recursos destinados a facilitar a selección de actuacións a curto e medio prazo, capaces de poñer en valor estes recursos locais dentro dun modelo de desenvolvemento territorial sostido. Neste senso, tamén se establecía a intervención dos MPD en programas de conservación e protección do patrimonio cultural e natural e na planificación do territorio, así como na mellora das infraestruturas e da calidade de vida dos habitantes das áreas nas que interviñan, con especial adicación á recuperación e desenvolvemento das áreas peor dotadas.

En materia de emprego e promoción dos programas públicos de emprego-formación, as UPD destíñábanse á prospección constante das expectativas de emprego nas áreas de actuación e á organización de mecanismos de seguemento dos empregos que se poideran promover, colaborando e asesorando ós traballadores saídos das escolas obradoiro e casas de oficios nas súas diversas iniciativas e proxectos. Nesta mesma liña, considerábase que os MPD debían promover a creación das estruturas necesarias para a organización de cursos de formación de formadores e especialistas, así como encontros de responsables e alumnos de escolas obradoiro e doutros programas semellantes.

Así, en setembro de 1991 xa estaban constituídos no Estado español 27 Módulos de

Promoción e Desenvolvemento, implantados sobre diferentes comarcas con características socioeconómicas e territoriais disparas. Os módulos estaban conformados naquel tempo por doce titulados universitarios e trece auxiliares, que se organizaban en áreas ou departamentos interrelacionados e coordinados entre sí, baixo a dirección dun técnico especialista.

Como xa se indicou, en Galicia, o primeiro equipo en crearse foi o Módulo de Promoción e Desenvolvemento do Baixo Miño, que comezou as súas actividades en abril de 1990, dentro da estrutura da Escola Obradoiro de Tui. Tras esta experiencia, foron xa postos en marcha novos módulos en Culleredo, en 1994, novamente no Baixo Miño, neste mesmo ano, e algo máis tarde, en 1995, na Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

Con respecto ós Módulos de Promoción e Desenvolvemento da provincia de Pontevedra, cómpre recoñecer que o MPD do Baixo Miño desenvolveu un importante papel nesta comarca, destacando entre as súas principais accións a redacción do Estudo de recoñecemento territorial, inventario de recursos e diagnóstico da comarca do Baixo Miño, que foi publicado en 1992, nun vasto volume, pola Fundación Cultural Banesto, e que servíu posteriormente de modelo metodolóxico para os seus estudos a outros módulos do Estado e equipos de desenvolvemento comarcal de Galicia.

Igualmente, o MPD levou a cabo, en 1992, o deseño e redacción do Programa de Desenvolvemento Rural do Baixo Miño, que foi presentado á Iniciativa Comunitaria LEADER e permitiu a consecución duns 700 millóns de investimento para a comarca. Asemade, o MPD participou como equipo técnico no Grupo de traballo institucional para o estudo dunha normativa protectora do esteiro do río Miño e levou a cabo outras importantes accións coa elaboración de estudos e proxectos en materia de escolas obradoiro a nivel comarcal, así como en materia socioeconómica, medioambiental, de patrimonio cultural e urbanismo.





## Apuntamentos

A Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social de 3 de agosto de 1994, que regula os programas de Escolas Obradoiro e Casas de Oficios, as Unidades de Promoción e Desenvolvemento e os Centros de Iniciativa Empresarial, introduce, ademais dunha nova denominación dos MPD, que pasan xa a chamarse Unidades de Promoción e Desenvolvemento (UPD), unha serie de cambios por canto á súa maior adicación ó apoio do programa de escolas obradoiro no ámbito provincial e ás accións de fomento do emprego e das posibilidades de inserción laboral.

Así pois, na actualidade, as Unidades de Promoción e Desenvolvemento configúranse como entidades de apoio ás escolas obradoiros e casas de oficios no ámbito comarcal e rexional, en orde a facilitar o logro dos seus obxectivos. Como dinamizadoras do territorio, deben desenvolver a súa actividade nos ámbitos da investigación, análise e promoción das oportunidades de desenvolvemento local, comarcal e rexional, así como na promoción do emprego, a captación e sistematización de información de interese para os actores locais e axentes de emprego e a planificación de estratexias de desenvolvemento territorial e fomento do traballo. Asemade, estas unidades deben colaborar cos centros de iniciativas empresariais existentes e deben apoiar e promover redes de información e asesoramento para o emprego.

Igualmente, establécese que as UPD deben actuar a nivel comarcal e provincial no desenvolvemento de proxectos de escolas obradoiro e casas de oficios, así como doutros programas públicos de emprego, de cara á avaliación de recursos e necesidades, a planificación dos programas no territorio, o apoio a entidades promotoras na elaboración de novos proxectos e a colaboración cos proxectos postos en marcha na provincia para a dinamización global do programa.

En 1995 créase o MPD da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo que desenvolveu un intenso traballo no período 1995-1997, con resultados importantes, entre o que cómpre salientar a redacción

de numerosos proxectos de escolas obradoiro na provincia, algúns con perfíles novos como a Escola Obradoiro de medio ambiente “Lagares” ou a Escola Obradoiro “Forestal”, ambas do Concello de Vigo, ou a creación do Servizo de Asesoramento a Emprendedores, creado orixinalmente para o apoio e asesoramento dos alumnos-traballadores de escolas obradoiro en materia de emprego e iniciativa empresarial e aberto posteriormente ó asesoramento doutras iniciativas locais de empresa.

Por outra banda, o MPD da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo levou a cabo neste período a elaboración de proxectos de desenvolvemento que concurriron a diferentes iniciativas e programas europeos, entre os cales foron redactados e aprobados os proxectos PEGASO (programa de emprego para a adaptación en sectores e ocupacións-Iniciativa comunitaria ADAPT) e PRODOR (programa de desenvolvemento e diversificación económica de áreas rurais), que contaron con subvencións europeas e significaron a consecución de preto de 700 millóns de pesetas de investimentos no territorio. Asemade, neste período foron redactados diversos estudos e proxectos no ámbito da formación ocupacional, o emprego, a promoción económica, o medio ambiente e o desenvolvemento local.

En 1997 prodúcese o proceso de transferencia de funcións e servizos en materia de traballo, emprego e formación entre a Administración do Estado e a Xunta de Galicia. Neste ano as políticas activas de emprego pasan a ser competencia da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Así, en 1998 aparecerá a primeira normativa reguladora de determinados aspectos do programa de Escolas Obradoiro e Casas de Oficio no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

En maio de 1999 a Consellería de Familia e Promoción do Emprego publica un decreto polo que se establece o programa de Obradoiros de Emprego, como un programa mixto de formación-emprego dirixido á





mellora da ocupabilidade dos desempregados de vintecinco ou máis anos con especiais dificultades de inserción no mercado de traballo. Dende a súa aparición, as UPD existentes en Galicia comezarán a colaborar con estes en igualdade de condicións que coas escolas obradoiro.

Xa en 1999, o Decreto 344, do 23 de decembro, establece o programa de Escolas Obradoiro e Casas de Oficinas en Galicia,

que terá continuidade nunha Orde posterior, do 4 de febreiro de 2000, que desenvolve este decreto e establece as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións ó programa. Nin neste decreto, nin na posterior Orde se regulan as Unidades de Promoción e Desenvolvemento, aínda que se fai mención a estas, definíndoas como instrumentos de apoio ós plans experienciais (programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego) que deben contribuir á dinamización e detección de novas expectativas de emprego e de iniciativas emprendedoras no ámbito local, especialmente as relacionadas cos novos filóns de emprego. Na actualidade, a Xunta de Galicia está a traballar nunha regulación autonómica propia para estas unidades.

Así, en resume, as Unidades de Promoción e Desenvolvemento de Galicia (UPD da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, UPD de Lugo e UPD do INORDE-Ourense), que comezaron as súas actividades a fins de 1998, realizan actualmente o seu labor no ámbito do apoio ós programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego e a dinamización do ámbito local para o desenvolvemento e o emprego.

A actual UPD da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, promovida por esta entidade local e cofinanciada pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e o Fondo Social Europeo, está a contribuir ó desenvolvemento das potencialidades do territorio para o emprego e á mellora dos resultados do

programa de escolas obradoiro e casas de oficinas e doutros programas públicos de emprego na provincia de Pontevedra.

A nosa UPD ven realizando ata o momento un importante esforzo na creación de recursos e infraestructuras de apoio ó programa de escolas obradoiro a

nivel da provincia de Pontevedra. Estudos sobre os programas de emprego-formación na provincia, asesoramento a entidades promotoras, redacción de proxectos, asesoramento a cadros directivos e formadores de escolas, asesoramento para autoemprego e iniciativa empresarial do alumnado, actividades formativas en escolas obradoiro, publicación de materiais didácticos e informativos sobre o programa e medios de comunicación e información como a páxina web da UPD, o boletín electrónico Arco da Nova ou a Revista Landra, recursos que en moitos casos poden ser de utilidade ou interese para o conxunto do programa a nivel de Galicia.

Por canto a outros ámbitos de actuación, a nosa unidade continúa as liñas de traballo emprendidas polos anteriores equipos que viñeron actuando en Galicia, en ámbitos como a análise das potencialidades para o desenvolvemento e o emprego, a colaboración con entidades locais en accións e proxectos de desenvolvemento, a potenciación das políticas activas de emprego no ámbito local, ou o apoio e potenciación do traballo que levan a cabo os axentes de desenvolvemento local e os técnicos locais de emprego.





## Apuntamentos

O tempo transcurrido dende a creación do primeiro Módulo de Promoción e Desenvolvemento en 1990, ven a validar o traballo realizado por estes equipos na provincia de Pontevedra e noutros ámbitos, razón pola que estas unidades se manteñen en todo o Estado como ferramentas importantes de apoio e dinamización territorial e de fomento dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego. As UPD seguen sendo e deberán continuar a ser no futuro instrumentos eficaces de análise e diagnose territorial, de promoción de recursos e potencialidades locais e de dinamización de axentes territoriais.

Consideramos que para poder servir mellor a estes obxectivos, as UPD non deben perder nunca o seu carácter orixinario como instrumentos de intervención territorial, dinamizadores pois de políticas e actuacións axeitadas a modelos de desenvolvemento local que integren tanto obxectivos económicos, como sociais, culturais, ambientais, etc., que pulen polo aproveitamento das potencialidades e recursos propios con criterios de sustentabilidade e que promovan os programas de emprego-formación dun xeito planificado, tratando de fomentar un emprego axustado á realidade socioeconómica e ás potencialidades do territorio sobre os que se implantan.

Na súa faceta de apoio ós programas de escolas obradoiro e de obradoiros de emprego, resulta innegable o valor e interese destes equipos como elementos de intermediación coas entidades promotoras para a redacción de proxectos acordes ás necesidades e ás estratexias de desenvolvemento local, así como por canto á conexión e intercomunicación entre escolas no ámbito provincial, a través de accións diversas e servicios comúns creados e orientados especificamente a estes programas.

Resulta así fundamental fomentar o emprego de metodoloxías comúns e crear infraestructuras de apoio ós programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego en Galicia, para o que as UPD poden ser unhas inmejorables aliadas, capaces de ir mesmamente por diante das necesidades que poidan xurdir no desenvolvemento destes programas. Nesta mesma liña, e co fin de optimizar os resultados, cómpre garantir a profesionalización do persoal técnico das UPD e a continuidade dos servicios que se ofrecen co fin de mellorar día a día a prestación de servicios á comunidade.



landra 



Esperamos as vosas suxestións e colaboracións en :  
Vía da Hispanidade 17, 36203 VIGO. e-mail: [ecoupd@teleline.es](mailto:ecoupd@teleline.es)